

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 21 DE XULLO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a concesión da distinción de Comendador da gastronomía de Galicia.
- Decreto polo que se regulan os órganos de coordinación, cooperación administrativa e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, suxeita a regulación harmonizada, documentalmente simplificada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en centros da Xunta de Galicia, por un valor estimado de once millóns setecentos oitenta e oito mil cento noventa e seis euros con corenta céntimos (11.788.196,40 €).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Arteixo para a execución da actuación "Mellora do sistema de abastecemento e saneamento público nas parroquias de Larín e Monteagudo, no rural do Concello de Arteixo (A Coruña)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

(FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de un millón de euros (1.000.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cospeito para a execución de actuacións de “Abastecemento no Concello de Cospeito (Lugo)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de oitocentos mil euros (800.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Outeiro de Rei para a execución da actuación “Mellora do sistema de abastecemento de Outeiro de Rei (Lugo)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de seiscientos mil euros (600.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Castro de Rei para a execución da actuación “Mellora do sistema de abastecemento de Castro de Rei (Lugo)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ourense para a execución da actuación de “Ampliación e mellora do saneamento no rural de Ourense. Concello de Ourense (Ourense)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de seiscientos mil euros (600.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Crecente para a execución da actuación “Mellora do sistema de abastecemento e saneamento público nas parroquias de Sendelle e Ameixeira, no concello de Crecente (Pontevedra)”, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Curtis,

para a reforma da praza de España en Teixeira, por un importe total de douscentos corenta e dous mil euros (242.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello do Porriño, para a humanización da rúa Pontevedra, por un importe total de douscentos corenta e un mil cincocentos oitenta e un euros con corenta e sete céntimos (241.581,47 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Redondela, para a execución das obras de humanización do contorno do pavillón polideportivo da marisma e rehabilitación da avenida Mendiño, por un importe total de cento sesenta mil seiscentos setenta euros con cincuenta e nove céntimos (160.670,59 €).

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo para a mellora da vía municipal rúa Galdín, en San Cibrao (Cervo), por un importe total de seiscentos cincuenta e nove mil novecentos setenta e sete euros con vinte e un céntimos (659.977,21€).
- Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada (Pontevedra).

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión de axudas para a bonificación dos custos do financiamento dos investimentos das microempresas de Galicia, titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000,00 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Programa microcréditos), por un importe total de trescentos vinte e cinco mil euros (325.000,00 €) e autorizar a sinatura do devandito convenio de colaboración por un importe total de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza eximir da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión de axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares

de préstamos superiores a 25.000,00 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Programa de apoio financeiro ás pemes), por un importe total de un millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca AFIGAL e SOGARPO polo que se regulamenta a achega do Igape á dotación ao Fondo de provisións técnicas para a prestación de avais ás pemes galegas, por un importe total de catro millóns de euros (4.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gastos de carácter plurianual, a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías nos pagamentos anticipados, derivado da convocatoria das axudas do Igape a proxectos de formación Industria 4.0, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de setecentos mil euros (700.000,00 €).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (Uvigo), para o cofinanciamento das axudas Juan de la Cierva (convocatorias MINECO 2013-2014), por un importe total de novecentos oitenta mil oitocentos trinta e oito euros (980.838,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña (UDC) para cofinanciar actuacións nos centros e unidades de transferencia tecnolóxica e no Campus Industrial de Ferrol, por un importe total de tres millóns noventa mil euros (3.090.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza o asinamento do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ponteareas para a xestión do servizo de comedor escolar no CEIP Fermín Bouza Brey, polo importe máximo de sesenta e tres mil setecentos vinte euros (63.720,00€).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de reactivos e materiais para a realización de probas analíticas e o arrendamento, sen opción de compra, incluído mantemento, dos equipos necesarios, por un importe total de vinte millóns cincocentos trinta e cinco mil catrocentos sete euros con setenta e oito céntimos (20.535.407,78€) (IVE engadido), e un valor estimado de vinte e nove millóns setenta e un mil trescentos sesenta e dous euros con setenta e dous céntimos (29.071.362,72€).

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a formalización do convenio específico de colaboración entre o Instituto Español de Oceanografía (IEO) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, INTECMAR), para o "Control do fitoplancto tóxico nas rías galegas", por un importe de trescentos oitenta e catro mil euros (384.000,00€).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía y Competitividad, a Axencia Galega de Innovación e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o proxecto Civil UAVs Initiative.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a actualización dos módulos económicos para o financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios no marco do Plan concertado.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre as axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2016.

## **TURISMO DE GALICIA CREA A FIGURA DE COMENDADOR DA GASTRONOMÍA DE GALICIA**

- *O obxectivo de é contribuír á promoción do turismo da nosa comunidade a través da promoción dos produtos alimentarios e a gastronomía de Galicia no ámbito nacional e internacional*
- *Así mesmo, búscase preservar e poñer en valor o patrimonio dos produtos gastronómicos galegos e fomentar os valores económicos, culturais e sociais da gastronomía da nosa comunidade*
- *A distinción outorgarase anualmente a aquelas persoas, entidades, asociacións ou colectivos que contribúan de xeito singular á dignificación, mellora e promoción da cultura gastronómica galega*

O Consello da Xunta acordou hoxe aprobar o proxecto de decreto polo que se regulará a concesión da distinción de Comendador da Gastronomía de Galicia.

O obxectivo deste recoñecemento que será concedido por Turismo de Galicia é contribuír á promoción do turismo da nosa comunidade a través dos produtos alimentarios e a gastronomía de Galicia no ámbito nacional e internacional.

Así mesmo, búscase preservar e poñer en valor o patrimonio dos produtos gastronómicos galegos e fomentar os valores económicos, culturais e sociais da gastronomía de Galicia.

A distinción outorgarase anualmente a aquelas persoas, entidades, asociacións ou colectivos que, no seo da comunidade galega, contribúan de xeito singular á dignificación, mellora e promoción da cultura gastronómica galega.

Así, existirán dúas modalidades de Comendador da Gastronomía de Galicia: por unha parte a modalidade individual, que se outorgará a persoas físicas ou xurídicas privadas, e por outra a institucional, que recoñecerá a institucións ou entidades públicas.

Os distinguidos en calquera destas dúas modalidades, comprométese a colaborar para difundir os valores propios da cultura dos sectores produtivos alimentarios galegos, dar a coñecer os produtos gastronómicos de Galicia en restaurantes de referencia a nivel nacional e internacional, facilitar o establecemento de novas canles de comercialización, achegar as figuras relevantes no mundo da cociña ao coñecemento da cultura enogastronómica da nosa comunidade, así como potenciar e dar a coñecer os produtos galegos de calidade diferenciada.



### **Referencia gastronómica**

Galicia converteuse nunha referencia gastronómica a nivel nacional e internacional. A calidade e variedade dos seus produtos, o respecto ás súas tradicións culinarias, a innovación constante e o traballo que, día a día, realizan os profesionais da cociña conformaron toda unha filosofía que consolidou a gastronomía galega como un importante motor da economía da nosa comunidade.

Galicia conta, ademais, cun importante número de festas gastronómicas que enxalzan as excelencias da nosa cociña, e das cales un total de 51 foron declaradas oficialmente de interese turístico pola súa gran capacidade de atracción de visitantes. Con todo, a segunda motivación pola que os turistas elixen Galicia como destino turístico é a gastronomía.

### **Aposta pola enogastronomía**

Deste xeito, Turismo de Galicia inclúe a súa aposta pola enogastronomía no seu Plan integral, sinalándoa como un valor esencial para afrontar o reto de posicionar Galicia como marca e como destino diferencial a nivel interno, nacional e internacional.

Así, a complementariedade do produto turístico enogastronómico co resto da oferta da nosa comunidade constitúe unha prioridade na política turística galega.

Dentro das liñas de traballo que se establecen para desenvolver esta estratexia recóllese un programa específico para a promoción do turismo enogastronómico a través de prescitores de opinión. É neste eido de actuación no que se enmarca a creación desta nova figura de Comendador da gastronomía de Galicia.

## **GIPCE, IMELGA, 061 E OS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO INTEGRANSE NA COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS**

- *A Lei 5/2007, do 7 maio, de emerxencias de Galicia, establece que a Comisión Galega de Protección Civil é o único órgano colexiado de coordinación e cooperación das administracións públicas en Galicia en materia de Protección Civil*
- *Entre as principais funcións que leva a cabo a Comisión están a emisión de informes sobre o Plan territorial de protección civil de Galicia e os plans especiais; así como o mapa e o catálogo de riscos*
- *Ademais de establecer as normas regulamentarias e os procedementos de operativos sobre protección civil e xestión de emerxencias*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se regulan os órganos de coordinación, cooperación administrativa e asesoramento en materia de protección civil e Emerxencias, polo cal se integran na Comisión Galega de Protección Civil e Emerxencias, o Grupo de Apoio Psicolóxico en Catástrofes (GIPCE), os servizos de extinción de Incendios e Salvamento dos Consorcios Provinciais, o IMELGA e o 061.

O Decreto 56/2000, do 3 de marzo, que regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, recolle a estrutura organizativa da protección civil, e regula, na súa sección primeira, os órganos de coordinación, que o presente decreto aprobado hoxe derroga para incorporar aos novos membros.

A Lei 5/2007, do 7 maio, de emerxencias de Galicia, establece que a Comisión Galega de Protección Civil é o único órgano colexiado de coordinación e cooperación das administracións públicas en Galicia en materia de Protección Civil, e dispón que nela estarán representadas as administracións central, autonómica e local, así como os servizos de emerxencias e organizacións de persoal voluntario de protección civil, indicando, ademais, que contará cunha comisión técnica de carácter permanente, podéndose crear grupos de traballo temporais, integrados por membros dela e outras persoas técnicas, para o estudo e informe de aspectos concretos.

As principais funcións que leva a cabo a Comisión Galega de Protección Civil son emitir informe sobre o Plan territorial de protección civil de Galicia e os plans especiais, mapa de riscos, catálogo de riscos e catálogo de medios e recursos, as normas técnicas e proxectos de normas regulamentarias sobre protección civil e xestión de emerxencias e sobre os procedementos de operativos de protección civil e de xestión de emerxencias.



Ademais, homologa os plans de protección civil de ámbito inferior á CC.AA e os plans locais de protección da ribeira do mar contra a contaminación mariña; propón medidas preventivas e de protección civil ante os órganos competentes das diferentes administracións públicas; debe coñecer o funcionamento material dos plans e das actuacións de resposta, avaliar os resultados e formular as propostas axeitadas; e verificar o funcionamento dos plans de protección civil despois de producirse incidencias de relevancia, sobre a base do informe emitido polo órgano correspondente do departamento competente en materia de protección civil.

### **Comisión Galega de Protección Civil**

A Comisión está composta polo presidente, que é o conselleiro competente en materia de Protección Civil; o vicepresidente que é o director xeral competente en materia de Protección Civil; e diferentes vogais de diferentes institucións e administracións.

Por parte da Xunta haberá un representante de cada departamento competentes en materia de seguridade industrial, transportes, estradas, salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, saúde pública, educación, telecomunicacións, ambiente, montes, turismo, urbanismo, administración local, augas, un representante do Instituto de Medicina Legal de Galicia, outro representante da Función Pública Urgencias Sanitarias 061, e o da titular da xerencia da Axencia Galega de Emerxencias.

Por parte da Administración xeral do Estado, haberá dúas persoas, e como representantes das entidades locais, catro persoas en representación das catro deputacións provinciais, e catro persoas en representación dos municipios.

Como representantes dos servizos de emerxencia, haberá unha persoa en representación dos profesionais dos servizos contra incendios municipais, e outra dos profesionais dos servizos contraincendios e salvamento dos consorcios provinciais, un representante do voluntariado de protección civil, unha persoa pertencente e en representación do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, e outra persoa pertencente e en representación da Cruz Vermella Española en Galicia designada pola presidencia da comisión.

## **A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA**

- ***A modificación dos estatutos vén determinada pola necesidade da adaptación á regulación contida na directiva europea***
- ***Actualmente están colexiados 2.664 profesionais na nosa comunidade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que modifica os estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, no que actualmente están colexiados 2.664 profesionais. Ademais, con esta modificación refúndense nun único texto articulado os estatutos do colexio que foran obxecto de modificacións parciais. Por tratarse dun colexio de ámbito autonómico, corresponde a aprobación dos estatutos e as súas modificacións á Xunta, mediante decreto.

A modificación dos estatutos vén determinada pola necesidade da adaptación á regulación contida na directiva europea, concretamente á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, relativa aos servizos no mercado interior, que foron incorporadas á normativa reguladora dos colexios profesionais a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

As principais modificacións son incluír entre os fins do colexio, a protección dos intereses dos consumidores e dos usuarios; establecer a colexiación única para todo o territorio e utilización dos mecanismos de comunicación e cooperación administrativa prevista na normativa vixente; regula tamén o contido do portelo único, e o servizo de atención a colexiados e a consumidores e usuarios; ademais, prevé o exercicio profesional en forma societaria e a colexiación das sociedades profesionais, de conformidade coa Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais. E consta tamén do sometemento expreso á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da competencia.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, constituído mediante Decreto 1025/1973, do 2 de maio, por segregación do antigo Colexio de Arquitectos de León, Asturias e Galicia. Os estatutos do colexio foron aprobados mediante Decreto 293/1999, do 28 de outubro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, modificado por Decreto 254/2008, do 23 de outubro, e Decreto 65/2015, do 30 de abril.

O COAG ten personalidade xurídica propia, a súa capacidade de obrar é plena para o cumprimento dos seus fins e goza de plena autonomía no marco da normativa e baixo garantía xurisdiccional. Ten coma ámbito territorial a Comunidade galega, tendo a súa sede en Santiago e delegacións nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol.

O decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## A XUNTA IMPLANTA UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN, QUE PERMITIRÁ UN AFORRO ANUAL DE 1,8 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego aproba un acordo marco para dispor dun servizo integral de impresión e dixitalización, adaptado ás necesidades da Administración electrónica*
- *Permitirá reducir os custos de impresión, o número de dispositivos instalados e de páxinas impresas*
- *Integrará nunha mesma contratación o mantemento e dotación de equipos e a subministración de consumibles mediante o sistema de pagamento por copia*
- *Complementa as iniciativas que a Xunta vén desenvolvendo para acadar unha xestión dixital de todo ciclo de vida dos documentos e dos procedementos administrativos*

A Xunta de Galicia implantará un novo modelo de xestión dos sistemas de impresión e dixitalización corporativos, adaptado ás necesidades da administración electrónica, na que a circulación do papel se reducirá notablemente no medio prazo. Con este obxectivo o Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo marco para a contratación centralizada do mantemento e renovación de equipos e a subministración de consumibles mediante o sistema de pagamento por copia.

Unha vez implantado o novo modelo de xestión, consolidará un aforro anual de 1,8 millóns de euros, grazas á redución do número de equipos instalados e a optimización de custos derivados da contratación centralizada.

Con esta iniciativa a Administración autonómica busca mellorar a calidade dos seus medios de impresión e dixitalización, adaptándoos ás capacidades e necesidades do proceso de dixitalización no que está inmersa.

### **Obxectivos**

Para conseguilo aposta por unha xestión baseada na redución de dispositivos instalados e xestionados, para o que se estenderá o uso compartido das máquinas por departamentos ou grupos de traballo, limitando o uso de impresoras en postos individuais para servizos de atención directa ao cidadán ou aqueles que manexen información sensible. Nesta mesa liña tamén se reducirá a dotación de equipos de impresión a cor en favor de solucións en branco e negro.

Outra das medidas que recolle o acordo é a homoxeneización dos equipos, establecendo un número de modelos reducidos. Deste xeito, facilitarase a súa xestión asegurando a posibilidade de xestionar remotamente todas as máquinas. Ademais, incorporaranse sistemas de control de impresións por máquina para poder analizar as necesidades reais de cada posto de traballo.

Co novo sistema simplificarase a carga administrativa grazas á facturación centralizada baixo a fórmula de pagamento por uso e emisión de facturas únicas por centro de gasto. O acordo marco prevé un investimento para os vindeiros dous anos de 11,7 millóns de euros.

### **Un paso máis para unha administración dixital**

A aprobación deste acordo marco é unha das actuacións do Plan de acción de dotación e xestión sostible no posto de traballo, que desenvolve a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), para garantir que os empregados públicos dispoñan dos medios tecnolóxicos axeitados ás súas funcións e á prestación dos servizos dixitais para cidadáns e empresas que require o contexto actual.

O Plan complementa as iniciativas que a Xunta vén desenvolvendo desde o ano 2010 para implantar a eAdministración e acadar unha xestión dixital de todo ciclo de vida dos documentos e dos procedementos administrativos. Un proceso de transformación dixital da Administración no que avanzamos en dous sentidos, no incremento dos servizos dixitais para cidadáns e empresas pero tamén na dixitalización interna da Administración.

A cara máis visible desa transformación é a sede electrónica con máis de 1.800 trámites en liña dispoñibles, a posta en marcha do servizo Chave 365 para simplificar o acceso á sede cun sistema de claves concertas ou a máis de 20 aplicacións en mobilidade de diferentes ámbitos da Administración. Agora o reto é que toda a xestión interna deses procedementos sexa tamén dixital.

Para iso iniciouse a dixitalización dos rexistros para que calquera documento en papel que acheguen os cidadáns poida iniciar un ciclo de vida dixital. Tamén entrou en funcionamento este ano o Arquivo Dixital de Galicia, que é o alicerce dunha futura Administración sen papeis e que xa alberga 79 procedementos cun ciclo de vida totalmente dixital.

Outro elemento clave neste proceso complexo é a plataforma de interoperabilidade Pasaxe!, que evita ao cidadán presentar documentación ou certificados que xa consta en poder da Administración. Desta forma evítase que o usuario teña que presentar o DNI, ou un certificado de discapacidade naqueles procedementos que llo requiran. Esta plataforma ten xa 36 certificados incorporados e está conectada co Estado e a disposición dos concellos.

Todo este proceso implica a reconfiguración das funcións dos empregados públicos, que precisan tanto de formación, que xa se está a impartir desde a EGAP, como da

dotación de medios TIC adaptados á novas necesidades, que é o que garante este novo modelo de xestión do posto de traballo.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA SEIS CONVENIOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE AUGAS POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 3,7 MILLÓNS DE EUROS

- *Os concellos beneficiarios destes proxectos serán Arteixo, Cospeito, Outeiro de Rei, Castro de Rei, Ourense e Crecente*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un total seis sete convenios de colaboración en materia de augas por un importe de máis de 3,7 millóns de euros (3.750.000 €), que estarán cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Neste caso, os concellos beneficiarios destes proxectos en materia de abastecemento e saneamento serán: Arteixo, Cospeito, Outeiro de Rei, Castro de Rei, Ourense e Crecente.

En Arteixo está previsto investir un millón de euros para mellorar o abastecemento e saneamento público nas parroquias de Larín e Monteagudo, incrementando as redes de subministración existentes. Ese será tamén o obxectivo nas actuacións proxectadas para Cospeito, que disporán dun orzamento de 800.000 euros, e que terán como finalidade completar o sistema de abastecemento público do concello.

En Outeiro de Rei reforzarase o sistema de subministración e aumentarase así a capacidade da rede actual, para poder dar un mellor servizo á poboación. Investiranse 600.000 euros para a execución destes traballos.

A mellora do abastecemento será tamén a finalidade das obras que se acometerán en Castro de Rei, por un valor de medio millón de euros. Con este proxecto buscarase solucionar na medida do posible os problemas que se detectan no núcleo de Castro Ribeiras de Lea, desde onde se abastece tamén ao polígono industrial. A rede presenta déficits de presión durante o período estival, polo que non dispón da capacidade suficiente para cubrir as demandas da época. Para resolvelo, porase en servizo un depósito que se conectará ao sistema, e ampliarase a rede.

Pola súa banda, en Ourense as actuacións –ás que se destinarán 600.000 euros– centraranse na mellora da rede de saneamento do rural e na execución dunha nova infraestrutura naqueles puntos onde non se dispón dela. Así, eliminaranse puntos de vertedura e mellorarse a calidade das augas dos ríos do contorno.

Xa por último, en Crecente completárase o sistema de abastecemento e saneamento das parroquias de Sendelle e Ameixeira grazas a un orzamento de 250.000 euros.

## A XUNTA DESTINA MÁIS DE 560.000 EUROS A HUMANIZAR ESPAZOS URBANOS DE PORRIÑO, REDONDELA E CURTIS

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a tres convenios de colaboración neste sentido*
- *Todas as actuacións inscríbense no Plan Hurbe, que este ano conta cun orzamento total de 11 millóns de euros*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 560.000 euros en humanizar distintos espazos urbanos dos concellos do Porriño, Redondela e Curtis. Así se recolle nos tres convenios de colaboración que foron autorizados hoxe polo Consello da Xunta.

En concreto, o Goberno galego destinará algo máis de 200.000 euros á humanización da rúa Pontevedra, en Porriño; preto de 161.000 euros á mellora do contorno do pavillón polideportivo da marisma e á rehabilitación da avenida Mendiño de Redondela; e outros 200.000 euros á reforma da praza de España de Teixeira, en Curtis.

No Porriño, os traballos centraranse na construción de beirarrúas, pavimentación do viario e instalación de mobiliario urbano e iluminación pública. Ademais, instalarase unha rede de saneamento con separativo de augas pluviais e fecais.

Pola súa banda, en Redondela o obxectivo será mellorar a accesibilidade e suprimir barreiras arquitectónicas no acceso ao pavillón. Para conseguilo, crearanse dúas ramplas desde o aparcamento e repararanse tanto as beirarrúas como a calzada existente. Tamén se recolle unha mellora da iluminación pública.

Xa por último, a reforma da praza da España en Curtis pasará por unha pavimentación de 2.390 metros cadrados de superficie, así como pola relocalización de elementos escultóricos xa existentes. Ao mesmo tempo, acondicionaranse as especies arbóreas e instalarase mobiliario urbano.

### Plan Hurbe

Estas tres actuacións inscríbese no *Plan Hurbe*, posto en marcha en 2010 polo Goberno galego e que ten un triplo obxectivo: fomentar a humanización das vilas; favorecer a cooperación da administración autonómica e os concellos; e promover o reequilibrio territorial en Galicia. Para conseguilo, o *Plan Hurbe* inclúe tres programas de actuación: humanización das rúas, urbanización e mellora de espazos públicos; e equipamentos públicos, referidos especialmente aos de carácter cultural e social.

Ao abeiro do *Plan Hurbe*, téñense executado 105 actuacións, cun investimento total de 112 millóns de euros. Para este ano, o investimento para toda Galicia ascende a

uns 11 millóns de euros: 6 millóns previstos nos orzamentos, máis unha ampliación de 5 millóns grazas ao orzamento recibido polo cumprimento da comunidade autónoma co déficit.

**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A MELLORA DA RÚA GALDÍN, EN SAN CIBRAO, NO CONCELLO DE CERVO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 660.000 EUROS**

- *Esta vía mellorará o acceso a equipamentos como o centro de día, o pavillón municipal ou o parque empresarial*
- *Para a optimización desta rúa, que a penas ten 4 metros de ancho, levaranse a cabo a ampliación da calzada, incluído o ensanche da ponte e a construción dunha glorieta para a incorporación do tráfico desde a avenida Bela Vista*
- *Prevese tamén a urbanización das marxes desta rúa, construíndo beirarrúas e bandas de aparcamento*


O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cervo para a mellora da rúa Galdín, en San Cibrao, no Concello de Cervo. O Goberno galego financiará esta actuación mediante o investimento de preto de 660.000 euros.

A rúa Galdín comunica a avenida Bella Vista coa estrada LU-P-1510 de acceso a San Cibrao desde Burela pola costa (avenida da Veiga) na que se atopan o centro de día, o pavillón municipal e tamén o polígono industrial. Esta vía ten unha sección de apenas 4 metros e pasa sobre o ferrocarril de vía estreita (FEVE) mediante unha ponte moi estreita que non permite o cruzamento de dous vehículos.

Para a súa mellora, levaranse a cabo a ampliación da calzada, incluído o ensanchamento da ponte de pedra sobre a vía de FEVE; a construción dunha glorieta para a incorporación do tráfico que accede a esta rúa dende a avenida Bela Vista e a urbanización das marxes desta rúa, executando beirarrúas e bandas de aparcamento. Tamén se executará a instalación de servizos urbanos de abastecemento, saneamento e recollida de pluviais, telecomunicacións, media tensión e iluminación.

O Executivo autonómico, mediante este tipo de actuacións, colabora cos concellos galegos co fin de mellorar as infraestruturas e proporcionar unha maior calidade de vida aos cidadáns, neste caso, aos veciños de San Cibrao.





Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DA CIDADE DO MOBLE DA ESTRADA**

- ***O Goberno galego promoverá agora a división do proxecto en polígonos para o seu desenvolvemento por fases conforme a demanda***

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada, o que fará posible a división en polígonos deste parque empresarial para o seu desenvolvemento por fases de acordo coa demanda.

A aprobación definitiva do proxecto sectorial da Cidade do Moble prodúcese logo de que, en cumprimento de sentenza xudicial, o Instituto Galego da Vivenda e Solo retrotraese o expediente deste e solicítase ao órgano competente da Administración xeral do Estado o informe sobre necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas.

Unha vez obtido o devandito informe, emitido pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Goberno galego procedeu á aprobación definitiva do proxecto sectorial da Cidade do Moble.

Agora, a previsión da Xunta é comezar os traballos técnicos necesarios para dividir este proxecto en polígonos, de maneira que se poida desenvolver por partes conforme o interese empresarial real que se contraste a través do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial. Esta ferramenta garante a reposta ao pulo empresarial da comunidade de forma compatible co emprego eficiente dos recursos públicos.

Ademais desta división, prevese flexibilizar os usos previstos para este polígono empresarial o obxectivo de facilitar o asentamento das empresas interesadas en instalarse na Estrada e a xeración así de emprego e riqueza neste municipio.



## A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN EN NOVAS TECNOLOXÍAS DE MÁIS DE 4.000 TRABALLADORES PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN DA INDUSTRIA 4.0

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, inviste 700.000 euros neste programa pioneiro de formación específica que promoverán clústers e centros tecnolóxicos relacionados coa fábrica intelixente*
- *As novas axudas, dirixidas a empregados e mandos intermedios das pemes galegas, facilitará a adquisición de coñecementos en eidos como a robótica, Big Data, ciberseguridade ou Loxística 4.0*
- *Completa iniciativas xa desenvolvidas desde a Xunta como o Concurso de Ideas 4.0 e os programas ReAcciona e ReAcciona TIC*

A Xunta vén de activar un proxecto pioneiro en Galicia para a formación tecnolóxica de traballadores e mandos intermedios das empresas, unha iniciativa que impulsará a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, para favorecer o impulso da fábrica intelixente e, polo tanto, a consolidación da Industria 4.0. Nesta sentido, o Consello da Xunta informou hoxe sobre este novo programa que chegará a máis de 4.000 empregados das pemes galegas.

A Xunta investirá 700.000 euros, cofinanciados co Fondo Social Europeo, para o desenvolvemento deste programa de formación específica que promoverán clústers e centros tecnolóxicos relacionados coa fábrica intelixente. Dirixido a organismos intermedios que organicen plans formativos nos que participen persoas vinculadas coas pemes, estas axudas permitirán dar a coñecer as posibilidades da robótica, o Big Data, o Internet das Cousas, a ciberseguridade, Loxística 4.0 ou vehículos autónomos, así como servizos de xestión e organización empresarial para a capacitación de mandos intermedios.

As axudas, ademais de beneficiaren directamente os 4.000 traballadores ou cadros intermedios, contribuirán a que as empresas avancen no camiño cara ao tecido empresarial intelixente que promove a Xunta a través do desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0. Así, o programa contará con axudas que cubrirán o 50% do custo das accións formativas. En cada iniciativa, deberán participar un mínimo de 5 traballadores de pemes con centro de traballo ou sede social en Galicia, ademais de contaren cunha duración presencial mínima de 30 horas para cada participante e poderase levar a cabo ata o 30 de xuño de 2017.

A iniciativa convocarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta na resolución das axudas o tipo de proxecto, número de traballadores participantes, experiencia previa dos formadores ou a inclusión da actividade formativa nun plan estratéxico.

Esta actuación pioneira completa outra serie de medidas impulsadas desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria, como o Concurso de Ideas Industria 4.0, que supón a porta de entrada á fábrica intelixente para 38 pemes galegas que participan nos proxectos postos en marcha polos clústers Ceaga (automoción), CMD (madeira), Clusaga (alimentación) e Asime (aeronáutico). A través deste concurso, estanse a mobilizar 7,5 millóns de euros en investimentos público-privados, dos que a Xunta achega 2,8 millóns para proxectos de robotización e automatización dos procesos produtivos, de implantación de plataformas industriais intelixentes ou de liñas intelixentes de envasamento.

Nesta mesma liña de impulso da Industria 4.0 entre pemes e emprendedores galegos encóntranse os programas ReAcciona e ReAcciona TIC. No primeiro caso, préstase asesoramento a cadros de persoal e mandos intermedios para incidiren na especialización do capital humano das empresas cara ás novas tecnoloxías. Por outra banda, o ReAcciona TIC céntrase en achegar ás pemes os servizos de dixitalización e de Industria 4.0. A través de ambos os programas, cunha dotación global de 9 millóns de euros, incluíndo o orzamento para as 100 bolsas para novos titulados en programas de mellora competitiva, desenvolveranse 1.500 novos servizos de asesoramento e formación para preto dun milleiro de pemes en Galicia.

## A XUNTA REFORZA CON 6 MILLÓNS DE EUROS OS INSTRUMENTOS PARA FACILITAR O FINANCIAMENTO ÁS PEMES GALEGAS

- *Destínanse, por unha banda, 4 millóns para mellorar a capacidade operativa das sociedades de garantía recíproca (SGR) Afigal e Sogarpo que facilitan ás pemes o acceso ao crédito mediante a prestación de avais*
- *O obxectivo é que as pemes que necesiten do aval das Sociedades de Garantía Recíprocas galegas podan dispor do financiamento necesario para a continuidade e reforzo da súa actividade económica*
- *O Goberno galego activa, doutra banda, con 1,9 millóns os programas de microcréditos e préstamos a pemes, que apoiarán 750 proxectos de investimento e mobilizarán préstamos por importe de 45 millóns de euros*
- *A Xunta alcanzará bonificacións de xuro a microcréditos e préstamos de 1,5 puntos porcentuais con carácter xeral, e de 2 puntos no caso de emprendedores e proxectos do sector industrial*
- *Os microcréditos, ademais, inclúen unha axuda do 15% sobre o tramo do préstamo destinado a financiar activos fixos*
- *As medidas enmárcanse no programa Galicia 1000 a través do que o Goberno galego busca chegar ferramentas axeitadas para as necesidades financeiras do tecido empresarial da Comunidade*

A Xunta de Galicia destinará preto de 6 millóns de euros a reforzar os instrumentos cos que facilita o financiamento ás pequenas e medianas empresas de Galicia co obxectivo de promover a actividade empresarial na Comunidade e, desta forma, crear emprego. Unha das prioridades do Goberno galego é o fortalecemento do tecido empresarial e industrial galego, reforzando o seu investimento.

Para cumprir con este obxectivo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá, por unha banda, 4 millóns de euros para mellorar a capacidade de financiamento das sociedades de garantía recíproca (SGR) Afigal e Sogarpo mediante achegas aos seus fondos de previsións técnicas.

Trátase de apoiar o financiamento do tecido empresarial galego colaborando coas Sociedades de Garantía Recíproca galegas que veñen desempeñando desde a súa creación un importante papel no tecido empresarial de Galicia, facilitando o acceso ao crédito as pequenas e medianas empresas galegas, mediante a prestación de avais ante entidades financeiras. O obxectivo, polo tanto, é axudar a emprendedores, autónomos e pemes a desenvolver a súa actividade.

Esta achega de 4 millóns súmase aos 2 millóns autorizados en 2014, polo que con esta achega total de 6 millóns, a Xunta completa o seu compromiso co Plan de recapitalización das sociedades de garantía recíproca galegas.

Doutro lado, o Goberno galego activa con 1,9 millóns de euros os programas de microcréditos e de préstamos a pemes, un orzamento que permitirá apoiar 750 proxectos de investimentos e mobilizar préstamos por importe de 45 millóns. Poderán acollerse a esta iniciativa as operacións formalizadas polas microempresas e pemes nas entidades financeiras desde o 1 de xaneiro de 2016.

O programa de microcréditos está dirixido a titulares de préstamos inferiores ou iguais a 25.000 euros, mentres que o de préstamos a pemes é para créditos superiores a 25.000 euros.

Con estes dous programas, a Xunta achegará bonificacións de xuro a microcréditos e préstamos de 1,5 puntos con carácter xeral e de 2 puntos no caso de emprendedores e proxectos do sector industrial. Inclúense tamén axudas á comisión do aval financeiro. Ademais, os microcréditos poderán ter un apoio do 15% sobre o tramo do préstamo destinado a financiar activos fixos.

O programa de microcréditos é fundamental para a posta en marcha de pequenos proxectos de autónomos, microempresas ou emprendedores, mentres que o programa de préstamos a pemes ten un papel destacado para facilitar os proxectos de investimentos das pemes reducindo, en ambos os casos, os custos financeiros.

### **Galicia 1000**

Esta actuación enmárcase no programa integral de financiamento Galicia 1000 a través do que Economía, Emprego e Industria busca achegar instrumentos axeitados para as necesidades financeiras das empresas. A través desta actuación, a Xunta destina este ano 100 millóns a apoiar preto de 1.500 proxectos de pemes galegas que mobilizarán ata 330 millóns de euros.

Este paquete integral, grazas ao que xa se teñen posto en marcha máis de 2.000 proxectos na comunidade que mobilizaron 400 millóns de euros nos últimos dous anos, busca achegar financiamento adaptado ao tamaño, ás necesidades concretas e á situación de cada empresa e está centrado especialmente nas pemes.

Do que se trata, en definitiva, con esta iniciativa é de fomentar a actividade do tecido empresarial galego e, polo tanto, crear emprego procurando que ningún proxecto viable, en especial os das pequenas e medianas empresas e os de carácter industrial, queden sen desenvolver por falta de apoio financeiro.

## **CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ MÁIS DE 104.000 EUROS Á CAPTACIÓN DO TALENTO DE 15 INVESTIGADORES NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA A TRAVÉS DO PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA**

- *Deste xeito asúmese, para que non teñan que asumilo as universidades, o financiamento complementario destas axudas, concedidas polo Goberno central*
- *A Xunta mantén un forte compromiso coa investigación universitaria, sustentado sobre as axudas ás etapas pre e posdoutoral, á estabilización, aos grupos de investigación e ás estruturas supragrupais*
- *O fondo de fomento da I+D+i, dentro do Plan de Financiamento Universitario, está dotado con 50 millóns de euros para 2016*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 104.838 euros á captación do talento de 15 investigadores nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) a través do programa Juan de la Cierva. A través deste investimento o departamento educativo da Xunta de Galicia financiará a parte complementaria destas axudas, que correspondería ás universidades. Deste xeito, o Goberno galego garante que a USC, UDC e UVigo poderán contar con estes valiosos recursos humanos a través destas axudas concedidas pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competividade (MINECO), sen que para as propias universidades supoña un custo adicional.

Cómpre lembrar que esta achega se enmarca na decisión tomada polo departamento educativo da Xunta de Galicia en 2012 de, por primeira vez, asumir o cofinanciamento da contratación de investigadores ao abeiro das convocatorias de 2012 dos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva. Deste xeito, incentívanse as universidades do SUG para que se presenten á convocatoria destes programas, moi competitivos xa que, por primeira vez en España, os centros do SUG que acollen estes investigadores non teñen que aboar o financiamento complementario recollido na convocatoria realizada polo ministerio convocante.

O obxectivo das axudas JC é fomentar a contratación laboral de xoves doutores por un período de dous anos co obxecto que estes afiancen as capacidades adquiridas nunha primeira etapa de formación posdoutoral.

### **Aposta pola investigación universitaria**

Este cofinanciamento enmárcase no fondo de fomento da I+D+i, dentro do Plan de financiamento universitario, que está dotado con 50 millóns de euros para este ano 2016. Trátase dunha acción na liña da política activa da Xunta de Galicia en prol da incorporación de persoal investigador nas universidades co fin de lograr ratios similares

aos países á vangarda en investigación e promove, ademais, a captación externa de talento en marcos abertos e competitivos. Desta forma, continúaase co esforzo para incrementar o número de persoal investigador de excelencia con éxito neste tipo de convocatorias e establécense, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I+D+i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

Neste momento, a Consellería de Cultura e Educación está a xestionar un modelo de investigación universitaria definido, coherente, planificado e moderno, baseado en axudas ás etapas pre e posdoutoral, á estabilización, aos grupos de investigación e ás estruturas supragrupais. O obxectivo final é que o SUG dispoña dunha ampla base de talento e despregar unha política que atraia e reteña na ciencia e na empresa galega profesionais competentes e comprometidos en conseguir resultados diferenciais en investigación e innovación que melloren a posición económica, científica e tecnolóxica de Galicia.



## **EDUCACIÓN DESTINA 3 MILLÓNS € AO CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL E AOS CENTROS TECNOLÓXICOS DA UDC**

- *O Consello da Xunta aprobou a materialización desta inxección económica ao abeiro do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020*
- *O acordo coa Universidade da Coruña responde á estratexia de especialización dos campus que está a impulsar o Goberno galego*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destina un total de 3.090.000 euros a financiar o Campus Industrial de Ferrol, así como a cinco centros de transferencia tecnolóxica da Universidade da Coruña (UDC), tal como se reflicte no convenio de colaboración entre ambas as institucións que hoxe foi autorizado polo Consello da Xunta.

Este investimento, que abrangue os exercicios 2016 e 2017, ao abeiro do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020, e responde á estratexia de especialización dos campus periféricos das universidades galegas co fin de impulsar a actividade investigadora arredor dos sectores máis potentes da economía galega e dos eidos académicos con máis prestixio do SUG.

Deste xeito, 1.370.000 euros destinaranse directamente ao Campus Industrial de Ferrol con actuacións concretas como a creación da oficina do Campus, elaboración de estudos para o posicionamento internacional do campus, actuacións de mellora das infraestruturas e optimización enerxética nos distintos edificios, dotación de equipamento tecnolóxico nas distintas escolas e facultades, e iniciativas concretas para reforzar a relación entre a universidade e o sector industrial da comarca.

Doutra banda, destínanse 1.720.000 euros a actuacións de mellora de diferentes centros e unidades de transferencia de tecnoloxía co fin de que se convertan en referentes tanto dentro do Sistema Universitario Galego (SUG) como a nivel internacional. Estamos a falar do Centro de Investigación Tecnolóxica de edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), do edificio de servizos centrais de investigación-servizos de apoio á investigación (ESCI-SAI), do Centro de Investigación das Tecnoloxías da Información e Comunicación (CITIC), e do Campus Center.

Ao abeiro do convenio entre a Consellería de Cultura e Educación e a UDC, no CITEEC (instituto de investigación centrado nas áreas da construción e a enxeñaría civil dedicado á investigación básica, á investigación aplicada e á prestación de servizos) deberá rematarse a obra de ampliación e reforma, así como acometer a redistribución de espazos dentro do propio Centro.

No CICA acometeranse actuacións de adaptación e adecuación de espazos para acoller diferentes eventos de índole científica que favorecerán a relación e a transmisión de coñecementos ás empresas, asociacións e institucións.

As actuacións no CITIC están encamiñadas a mellorar a súa capacidade de transferencia aos diferentes sectores e a potenciar as áreas de innovación e tecnoloxía, sobre todo incrementando a relación con empresas galegas que son referencia no eido das novas tecnoloxías.

No caso do ESCI-SAI, trátase de ampliar a oferta de servizos relacionados coa análise da auga, a microscopía, a bioloxía molecular e a cromatografía. Por último, tamén se recolle rematar a obra do Campus Center.

O obxectivo último desta actuación é favorecer a transferencia do coñecemento universitario ao tecido empresarial e, en última instancia, á sociedade; ao tempo que se impulsa a creación e promoción dos nosos campus como polos de referencia de I + D + i en sectores fundamentais para a economía galega.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN E O CONCELLO DE PONTEAREAS ASINARÁN UN CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA PRESTAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NO CEIP FERMÍN BOUZA BREY**

- *Ao abeiro destes acordos facilitarase o servizo a 90 comensais deste centro educativo*
- *O departamento educativo da Xunta apoia a prestación deste servizo complementario nunha ducia de concellos galegos, do que se benefician máis de 2.900 usuarios*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura, por primeira vez, dun convenio de colaboración co Concello de Ponteareas para a prestación do servizo de comedor escolar no CEIP Fermín Bouza Brey. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 63.720 euros a este convenio, a través dos que se prestará o servizo a 90 comensais durante os cursos 2016/2017 e 2017/2018.

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, o Concello comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A sinatura destes convenios é un novo paso na aposta que o departamento de Educación da Xunta de Galicia está a facer en prol do servizo de comedor escolar nos centros educativos, fundamental para a escolarización efectiva do alumnado galego en termos de igualdade e para a conciliación da vida escolar e familiar. Así mesmo, a Consellería reforza o seu apoio aos concellos que decidiron facerse cargo da xestión deste servizo complementario. Non en balde, neste momento a Consellería mantén colaboración cunha ducia de concellos para este fin, do que se benefician máis de 2.900 usuarios; e ao que se destina máis de 900.000 euros.

Cómpre sinalar, ademais, que a Consellería tamén realiza un apoio específico neste eido ao alumnado con necesidades especiais. De feito, este ano autorizouse a sinatura de convenios con once asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades co obxectivo de facilitar o servizo de comedor escolar no curso 2016/2017 a máis de 400 alumnos. Dotados cun investimento total superior aos 176.000 euros, os ditos acordos buscan garantir unha atención individualizada, así como dar unha resposta adecuada ás necesidades e particularidades de cada usuario.

## **O SERGAS DESTINA 20,5 MILLÓNS DE EUROS Á CONTRATACIÓN DE MATERIAL PARA OS LABORATORIOS DA ÁREA SANITARIA DE VIGO**

- *Estímanse uns aforros de máis de 1,4 millóns de euros para os catro anos de contrato*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un expediente de contratación para a subministración sucesiva de reactivos e materiais para a realización de probas analíticas e o arrendamento dos equipos necesarios para a Xerencia de Xestión Integrada de Vigo.

O orzamento total de licitación é de 20.535.407,78 euros.

O obxectivo da contratación é dispoñer de todo o material necesario para ser empregado nun laboratorio CORE (sistema de automatización total) nos Laboratorios Clínicos do Hospital Meixoeiro, e do Laboratorio de Resposta Hospitalaria do Hospital Álvaro Cunqueiro, que permitan resolver, de forma eficiente e cos máximos estándares de calidade, os procesos preanalíticos, analíticos e postanalíticos que aplican aos espécimes e ás mostras. Ademais, integrará nun sistema robotizado único o procesamento das mostras de bioquímica, a seroloxía, a hematimetría e a coagulación.

Con esta actuación dáse un novo paso na consolidación e reestruturación dos laboratorios da área sanitaria de Vigo, dunha banda co Laboratorio do Hospital Álvaro Cunqueiro que permite dar resposta inmediata á demanda tanto urxente como de hospitalización do centro. E doutra banda, un gran Laboratorio Central resultante da unificación dos Laboratorios do Hospital Xeral e do Hospital do Meixoeiro para o resto das analíticas da área sanitaria.

Isto permitirá acadar unha mellor e máis eficiente asignación dos recursos e unha redución do custo desta actividade. Neste eido, estímanse uns aforros de 1.447.663,28 €, para os 48 meses de contrato.

## **O INTECMAR E O INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA SUMAN ESFORZOS NA INVESTIGACIÓN E CONTROL DAS MAREAS VERMELLAS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre ambas entidades para realizar mostraxes co obxectivo de predicir, detectar e seguir a evolución das especies de algas microscópicas, con especial incidencia nas que potencialmente poden ser produtoras de toxina*
- *A través destas mostras tamén se busca detectar os parámetros que poidan influír na presenza de biotoxinas en moluscos, tanto de xeito illado como conxuntamente*
- *Para realizalas, o IEO pon á disposición do Intecmar os buques oceanográficos Navaz e Lura e o apoio e colaboración das súas tripulacións e a Consellería do Mar destina a esta colaboración 384.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO) para desenvolver a investigación e o control do fitoplancto tóxico nas rías galegas que dá lugar ao fenómeno que popularmente se coñece como marea vermella. O obxectivo é predicir, detectar e seguir a evolución das especies de algas microscópicas, con especial incidencia nas que potencialmente poden ser produtoras de toxina.

Neste sentido, esta colaboración busca dar continuidade ao labor de mostraxe que o Intecmar, centro dependente da Consellería do Mar, vén desenvolvendo coa colaboración dos centros do Instituto Español de Oceanografía de Vigo e A Coruña. Este labor consiste na análise do plancto (pequenos organismos das augas mariñas que son alimento dalgunhas especies mariñas) para detectar a presenza e concentración de organismos potencialmente tóxicos. A través destas mostras tamén se busca detectar os parámetros que poidan influír na presenza de biotoxinas en moluscos, tanto de xeito illado como conxuntamente.

Esta mostraxe realízase con periodicidade semanal ao longo do ano en toda a costa galega e especialmente nas rías onde os cultivos e recursos mariños son máis importantes. A través dela determínanse as condicións hidrográficas e composición da comunidade fitoplanctónica, os pigmentos fotosintéticos e a concentración de nutrientes. Este traballo de seguimento permite garantir que os produtos pesqueiros das rías galegas saian ao mercado en condicións óptimas para o consumo.

Para realizalo, o IEO pon á disposición do Intecmar os buques oceanográficos Navaz e Lura e o apoio e colaboración das súas tripulacións. Así, esta entidade deberá dotar as embarcacións de todos os medios humanos e materiais necesarios para a navegación e recollida de mostras. Tamén deberá coordinar co Intecmar o calendario de toma de mostras.

Pola súa banda, o Intecmar tamén deberá dotar as embarcacións do IEO dos medios materiais necesarios para as mostras. Ademais, a esta colaboración a Consellería do Mar destina 384.000 euros. A vixencia deste convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Para o seguimento da execución deste convenio constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes do Intecmar e dous do IEO e que terá entre as súas funcións avaliar o traballo realizado.



## **O POLO DE AVIÓNS NON TRIPULADOS ELEVA ATA OS 150 MILLÓNS O SEU INVESTIMENTO TRAS SUMAR 24 NOVOS MILLÓNS PARA A COMPRA PÚBLICA INNOVADORA DE TECNOLOXÍA**

- *A Xunta asina un convenio co Ministerio de Economía e Competitividade para a posta en marcha do programa, que contará con máis de 19 millóns de euros en fondos europeos e preto de 5 millóns achegados pola Administración galega*
- *A iniciativa buscará solucións tecnolóxicas innovadoras baseadas en vehículos non tripulados, que dean resposta ás necesidades identificadas pola Xunta en eidos como a prevención e control de incendios, o control do medio mariño, o servizo de gardacostas, a xestión de emerxencias, a xestión do territorio, a xestión de fluxos turísticos ou xestión do patrimonio cultural*
- *O programa completa o traballo da Xunta no polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, tras asinar como socios a Indra e Inaer para facer de Galicia unha das referencias europeas do sector*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un convenio asinado co Ministerio de Economía y Competitividad para a posta en marcha dun programa de Compra Pública Innovadora (CPI) de tecnoloxía do eido dos vehículos non tripulados, que sumará un investimento de 24 millóns de euros, dos que 19,2 millóns serán fondos europeos canalizados polo Ministerio, mentres que a achega da Xunta será de 4,8 millóns. Esta iniciativa completa un investimento asociado en Rozas de 150 millóns de euros, despois de que o Ministerio, o INTA e a Xunta puxesen en marcha o Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas con preto de 10 millóns; e de que a Xunta lanzase o polo de avión non tripulados da man de Indra e Inaer, cun investimento conxunto de 115 millóns.

A iniciativa de Compra Pública Innovadora, liderada pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), busca acadar solucións tecnolóxicas innovadoras baseadas en vehículos non tripulados, que dean resposta ás necesidades identificadas por distintos departamentos da Xunta de Galicia. Neste sentido, trátase de acadar melloras na prestación de servizos públicos en eidos como a prevención e control de incendios, o control do medio mariño, o servizo de gardacostas, a xestión de emerxencias, a xestión do territorio, a xestión de fluxos turísticos ou xestión do patrimonio cultural. Entre as actuacións xa previstas, por exemplo, destaca unha que contará co liderado da Amtega para desenvolver unha plataforma (hardware e software) para que os controis en campo asociados ás axudas da política agraria común se poidan realizar de forma automatizada mediante medios aéreos non tripulados e outros sistemas tecnolóxicos.

Desta maneira, o Goberno galego busca non só mellorar os servizos públicos, senón tamén fomentar a innovación empresarial e impulsar a internacionalización da innovación galega, empregando o mercado público local como cliente de lanzamento.

O proceso será coordinado por GAIN, e recadará as necesidades expresadas por departamentos da Xunta como a Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, a Axencia Galega de Emerxencias, a Axencia Turismo de Galicia, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061, o Instituto de Estudos do Territorio, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, ou a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

GAIN xa comezou en setembro do ano pasado a sentar as bases do proceso cunhas consultas preliminares ao mercado, e ata o momento xa se presentaron 95 propostas tecnolóxicas de distintas empresas. Estas propostas deberán ser revisadas e valoradas polos distintos departamentos públicos que participan na iniciativa. Tras a revisión e valoración das propostas presentadas ás consultas preliminares do mercado, os departamentos da Xunta elaborarán unhas fichas de avance para concretar máis as súas necesidades. Para a segunda quincena de setembro está prevista a organización dun obradoiro que servirá para presentar ao mercado as devanditas fichas de avance, de forma que as empresas teñan un coñecemento máis preciso das necesidades da Administración en relación ás distintas tecnoloxías propostas. Por último, ao longo deste 2016 está previsto publicar as primeiras licitacións do proceso.

O programa completa o traballo da Xunta no polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, tras firmar como socios a Indra e Inaer para facer de Galicia unha das referencias europeas do sector traballando ao redor do aeródromo lucense de Rozas. O traballo de ambas multinacionais da man da Xunta xa ten comezado, e neste senso precisamente acaba de implantarse en Lugo, a primeira das empresas que traballarán en Rozas neste proxecto, Ingeniería Gaerum.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria xa vén facendo da compra pública innovadora unha ferramenta esencial de apoio á innovación empresarial. Neste sentido, no período de programación 2007-2013, a Axencia Galega de Innovación actuou de elemento catalizador para cofinanciar con fondos FEDER xestionados polo Ministerio de Economía e Competitividade varias propostas que incorporaban a innovación nos seus pregos de contratación: os programas Hospital 2050 e InnovaSaúde (liderados polo SERGAS), LáserPET (levado a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela), A-Tempo (liderado pola Universidade da Coruña), e SmartCity (xestionado polo Concello da Coruña). Para o período 2014-2020, a colaboración co Ministerio de Economía e Competitividade para impulsar a CPI formalizouse en 2015 a través dun convenio marco que inclúe tanto a colaboración no eido dos avións non tripulados, como outras iniciativas do eido sanitario, como o programa Código 100. En total, todas estas iniciativas suman un investimento conxunto de preto de 150 millóns de euros.

## **A XUNTA DE GALICIA INCREMENTARÁ NUN 12% AS CONTÍAS DOS MÓDULOS ECONÓMICOS PARA O FINANCIAMENTO DO PERSOAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS**

- ***Grazas a este aumento, equilíbranse as cargas financeiras, de xeito que se reparta ao 50% entre as corporacións locais e a administración autonómica***

O Consello da Xunta de Galicia, aprobou hoxe a Orde pola que se modifican os módulos económicos para o financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios, o que contribuirá a equilibrar a repartición das cargas financeiras derivadas do sostemento dos servizos sociais comunitarios municipais entre as administracións autonómica e local. Trátase dunha medida de reforzo do sistema galego de servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación.

Os servizos sociais comunitarios de titularidade municipal constitúen o primeiro nivel de atención, “a canle normal de acceso” ao sistema galego de servizos sociais. Nos últimos anos, produciuse un incremento do custo da prestación dos ditos servizos, incremento que foi asumido na súa maior parte por todas as corporacións locais galegas. Este incremento foi consecuencia do considerable incremento das persoas usuarias. Por isto, o obxectivo desta orde é equilibrar a repartición das cargas financeiras de xeito que o financiamento do persoal responsable da prestación dos servizos, de maneira que se reparta ao 50% entre as corporacións locais e a Administración autonómica. Para conseguilo, realizarase un incremento do 12% das contías dos módulos económicos para o financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios, o que supón un investimento adicional de 992.000 euros. Cómpre lembrar que esta medida forma parte dos compromisos asumidos pola Xunta de Galicia no marco da Axenda Social asinada conxuntamente pola Administración autonómica, a FEGAMP e a Rede Galega contra a Pobreza o pasado 7 de xuño.

Así mesmo, estes módulos terán unha nova estrutura máis sinxela: en lugar de facer referencia ás titulacións académicas concretas ou ás funcións específicas dos postos de traballo financiados, farán referencia ás categorías ou grupos e subgrupos profesionais do persoal empregado público.

Estas medidas beneficiarán principalmente aos concellos e entidades locais de Galicia, pero tamén a todas as administracións públicas e entidades que forman parte do sistema galego de servizos sociais, xa que a maior dispoñibilidade de recursos económicos destes servizos que constitúen a pedra angular do sistema galego de servizos sociais, redundará nun mellor funcionamento de todos os niveis de actuación e atención do dito sistema.

## **A XUNTA ACHEGA 4 MILLÓNS DE EUROS PARA PROMOVER A EXPLOTACIÓN CONXUNTA DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS AGROPECUARIOS EN RÉXIME ASOCIATIVO**

- ***A Consellería do Medio Rural sacará no marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 esta orde que pretende fomentar o cooperativismo e asociacionismo no rural cun orzamento maior ao dos últimos dez anos***
- ***Poderán acollerse a ela cooperativas e Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) cun investimento mínimo subvencionable de 5.000 euros por beneficiario***

O Goberno galego reserva 4 millóns de euros do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 para axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo. Estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), pretenden fomentar o cooperativismo e asociacionismo no rural. Trátase da convocatoria co maior orzamento dos últimos dez anos. De feito, con cargo ao anterior PDR 2007-2013, só se facilitaron máis de dous millóns de euros para este fin.

Poderanse acoller a estas subvencións cooperativas e Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) cun investimento mínimo subvencionable de 5.000 euros por beneficiario. O importe da axuda será do 40% dos custos elixibles e poderá incrementarse ata un máximo do 70%, segundo as características do proxecto; sendo o máximo 500.000 euros por explotación integrada.

A través desta orde poden subvencionarse a mellora e construción de instalacións agropecuarias que supoñan unha redución nos custos de produción ou un incremento da produtividade. Tamén a compra de terreos por un valor inferior ao 10% do custo subvencionable e gastos en honorarios profesionais na redacción do anteproxecto e proxecto que, se é o caso, se requira e vinculados ao obxecto desta orde. O prazo de presentación de solicitudes é dun mes a partir da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Estes proxectos deben ter un marcado carácter innovador ou de introdución de novas tecnoloxías, así como de incorporación de novos procesos ou produtos que contribúan a diversificar a actividade principal das entidades ou actuacións de apoio complementarias á actividade dos socios. O fin último é aumentar a rendibilidade económica das explotacións agrogandeiras galegas e a mellora das condicións do traballo.

Deste xeito, contribúese ao sostemento do sector agrario e, polo tanto, ao mantemento dun sector estratéxico para Galicia. Ademais, fomentando as actividades

en réxime asociativo, lógrase tamén unha racionalización dos medios de produción o que redonda nunha diminución dos custos para os propietarios.